

# CIDADES LITERARIAS (E POLIXENEALÓXICAS) NA NARRATIVA DE XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Ana Acuña  
Universidade de Vigo

**Resumo:** Este traballo céntrase nas cidades da narrativa de Xosé Filgueira Valverde. Tras presentar e comentar o corpus narrativo édito, alúdese á narrativa inédita (conservada no Museo de Pontevedra) e maniféstase o seu interese para entender a novela e os contos publicados por Filgueira. A continuación, analízase a presenza das cidades na súa obra, tanto ensáística como de ficción, posto que os textos narrativos teñen unha forte carga documental. A seguir estúdanse as voces de cada unha das cidades: por unha parte, as voces dos nenos, dos aprendices e dos nomeandeiros en Compostela e, por outra parte, as voces dos nenos, do mar e da relixiosidade en Pontevedra. Por último, coméntanse as desigualdades sociais que non supoñen relación conflitiva entre clases.

**Abstract:** This work focuses on the cities in Xosé Filgueira Valverde's narrative. After presenting and discussing his published narrative, we will also refer to his unpublished narrative (preserved in the Museum of Pontevedra). The relevance of this paper is shown in order to understand the novels and short tales published by Filgueira. Next, we will analyze the presence of the cities in his work, both essays and fiction, because the narrative texts have a big documentary burden. We will also study the voices in each city: on one hand, the voices of the children, the apprentices and the nicknames in Compostela, and on the other hand the voices of the children, the sea and religiosity in Pontevedra. Finally, we will mention the differences among the social classes and the fact that they do not imply a difficult relationship.

**Palabras chave:** Xosé Filgueira Valverde, narrativa, cidades literarias, Pontevedra, Santiago de Compostela.

**Key words:** Xosé Filgueira Valverde, narrative, literary cities, Pontevedra, Santiago de Compostela.

## 1. INTRODUCCIÓN

Diversos investigadores e personalidades da cultura galega coincidiron na idea de que a inxente obra de Xosé Filgueira Valverde e a súa poligrafía escureceron a obra literaria. É a opinión de Xosé Ramón Fandiño (2007: 267) para quen a “extraordinaria talla de erudito e historiador da cultura, da literatura e da arte galega”, a inxente obra como polígrafo e a longura enciclopédica dos saberes de Xosé Filgueira Valverde eclipsaron a súa achega ao eido creativo. E tamén o parecer de Domingo García-Sabell ao indicar “algo, e algo notable, queda como marxinado. Estoume a referir, claro, á obra literaria. Dende logo non excesivamente abundosa e, en certo sentido, de boa composición, quero dicir, atinada” (García-Sabell 1997: 283).

Non é estraño, pois, pensar con X. R. Fandiño (2007: 267) que “a de escritor imaxinativo fose unha clara vocación de mocidade”, afirmación que compartimos e apoiamos documentalmente coa consulta ao arquivo inédito de Xosé Filgueira Valverde.

## 2. PRESENTACIÓN DA NARRATIVA ÉDITA E INÉDITA DE XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

O corpus narrativo édito de Xosé Filgueira Valverde é, ao revés do que ocorre coa súa prosa de investigación, claramente abarcable. De feito foi recuperado e reeditado pola editorial Galaxia en 2015 con motivo do ano a el dedicado. Lembramos os títulos das catro obras antes de comentalas: *Os nenos* (1925>1971); *O vigairo* (1927>1971); *Quintana viva* (1971[<1925, 1926, 1927, 1928]) e *A monxa-frade* (2015).

- *Os nenos* foi publicado, baixo o auspicio do Seminario de Estudos Galegos, pola editorial Lar en 1925. Recolle 15 historias de nenos, en primeira persoa, dedicadas á lembranza dos mártires de Eir-Einn<sup>1</sup> e ilustradas coa letra capitular de Luís Pintos Fonseca. En 1971 foron incluídas, con engadidos, en *Quintana viva*. Recentemente, en 2015, o Consello da Cultura Galega publicou unha edición facsímile en homenaxe a Filgueira Valverde. Quizais este libro de contos sexa o mellor estudado polos teóricos da literatura, pois mereceu a atención da Literatura Infantil e Xuvenil (LIX).
- *O Vigairo* é unha novela curta tamén vinculada ao Seminario de Estudos Galegos, pois foi presentada como traballo de curso, aínda que aparece na

1 Pénsese que daquela Irlanda era unha preocupación do Seminario de Estudos Galegos. Por outra parte, Filgueira Valverde sinala que son do feitío das “cousas” de Castelao.

editorial Lar en 1927. Trátase de “doce cousas” (unha especie de “cántiga a boa vila mariñeira de antano”) dedicadas a Pontevedra e á Moureira.

Este texto foi obxecto de estudo por parte de antropólogos e historiadores.

- *Quintana viva* foi publicada por Galaxia en 1971 como breves prosas poéticas en varios apartados (“Os nenos”, “Artistas aldeáns”, “Obradoiro” e “Os nomeandeiros”). A primeira parte reproduce o libro de 1925 co engadido dos títulos e dous contos (“A morte branca” e “Os paspallás”), un deles aparecido na prensa (*Nós* 1926). A segunda parte consta de trece contos, seis publicados con anterioridade (*Nós* 1927, 1928), a terceira parte céntrase en catro figuras populares e a cuarta parte contén dezaseis textos co motivo central dos chamadeiros.
- *A monxa-frade* viu a luz en 2015 na editorial Galaxia, aínda que estaba previsto que fose publicada na colección dos “Contos do Castromil” nos anos noventa do século pasado. Trátase dun relato curto que recolle a historia lendaria de Sor María de San Antonio, a monxa frade que ingresou no convento de Santa Clara.

En canto á narrativa que continúa inédita, está incluída (e pendente de estudo) entre os manuscritos do Arquivo Filgueira Valverde depositados no Museo de Pontevedra<sup>2</sup> e localizados baixo dous apartados: “prosa en galego” e “prosas infantís e xuvenís en castelán”. Ademais dos materiais localizados neses apartados, existen outras carpetas soltas que conteñen textos susceptibles de catalogarse dentro da narrativa (“O tolo”, “Orfos”, “O retorno”, “O pomar”, “A saga do rei Branel”, “Vacacións”, “As tres parábolas de Gotrán de Pomeglay”<sup>3</sup>...). Incluso na carpeta denominada “Versos en galego” aparecen versos acompañados de prosas (caso de “Panxoliña” e de “Romance”) de temática moi próxima á narrativa<sup>4</sup>.

Algúns dos textos catalogados como “prosas” foron escritos entre 1917 e 1925 (repárese, entre os 11 e os 19 anos!), outros entre 1920 e 1930, pero todos son de interese para entender a novela e os contos éditos e, insistimos, susceptibles de seren catalogados como narrativa.

Así, dentro das “prosas infantís e xuvenís en castelán” atópanse dous manuscritos relevantes para establecer o interese de Filgueira Valverde polo tema franciscano na súa versión masculina e feminina. Ao ver a luz o texto de creación centrado nas monxas de Santa Clara (*A monxa-frade*), entendemos que Filgueira Valverde se ocupase da versión masculina dende mozo ao escribir:

2 O noso agradecemento á dirección, ao persoal do Museo de Pontevedra e á Fundación Filgueira Valverde pola posibilidade de consultar o arquivo de don Xosé.

3 Xunto ao texto manuscrito aparece un recorte de xornal titulado “Parábolas da Paz”.

4 *A monxa-frade* é un relato romanceado, coma o Romance de dona Condessa e o paxe Gotor creado por Filgueira na súa xuventude.

- “Tríptico franciscano”: no que parece agocharse un inédito narrativo que reproduce a lenda de San Francisco “Cantaba el Poverelo”.
- “Romero de Sant-Iago”: manuscrito narrativo que recolle, máis unha vez, a lenda de San Francisco (o poverelo de Asís) peregrino a Santiago de Compostela.

En canto á narrativa en galego inédita, dispersa en varias carpetas e mais no apartado “prosa en galego”, consideramos de interese os seguintes documentos (moitos deles incompletos ou inacabados) pola súa relación coa narrativa editada:

- “O pomar”: relato que, segundo escribe o propio Filgueira, é unha versión do publicado en *Os nenos*.
- “Orfos”: relato que ben podería formar parte de *Os nenos* e que, ademais, contén a dedicatoria aos nenos de Irlanda que posúe o libro editado en 1925.
- “O tolo”: relato cuxo personaxe protagonista anuncia a traxedia de *O vigairo* e a importancia de Santa Clara presente en *A monxa-frade*.
- “Costumes dos nenos. O mayo”: texto relacionado con “Nos maios” de *Os nenos* e que mesmo ten “adicación”.
- “Lexendaria”, “O conde de Gontrán” e “Diante dun sartego das ruínas”, entre outros (como “O codio compostelano”): son documentos que recollen lendas, máis ou menos ficticias, relacionadas coa cidade de Santiago de Compostela (peregrinaxes, encontros co medo...).

### 3. CIDADES LITERARIAS E POLIXENEALÓXICAS NA NARRATIVA DE XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

As cidades na obra de Xosé Filgueira Valverde teñen factura polixenealóxica, pois a súa poesía, novela e ensaios son ventás a través das cales podemos albiscar as cidades. É dicir, en todos os xéneros cultivados por Filgueira Valverde están presentes, como trataremos de mostrar, dúas cidades. Non é o noso cometido referirnos á poesía nin ao teatro (cuxo tratamento ten espazo nesta publicación), pero si ao ensaio. Neste sentido, os índices dos *Adral* elaborados por Xesús Ferro, así como a biografía preparada por Carlos Valle<sup>5</sup>, permiten comprobar a presenza de Compostela e Pontevedra no autor que homenaxeamos.

Para Xosé Manuel González Reboredo tanto a historia como a antropoloxía en Filgueira Valverde tiñan unha forte carga de creatividade, de aí que os seus

5 Carlos Valle alude, por exemplo, no ano 1990 á “importancia que Santiago e o seu mundo tiveron no seu labor intelectual” (filgueiravalverde.gal/bibliografía).

textos narrativos teñan, tamén, unha forte carga documental. Con todo “o que predomina como pano de fondo é unha interpretación propia do pasado na que o investigador-autor-creador se fai presente con claridade” (González 1998: 28).

A relación polixenealóxica, entre os diferentes xéneros literarios, podemos exemplificala co tratamento de dúas cidades na obra de Filgueira. Este aspecto xa foi salientado por Ángel Núñez Sobrino ao considerar que a poligrafía do erudito pontevedrés se centra en dúas dedicacións: “La enormidad de su obra tenemos que considerarla en dos dedicaciones significativas: de una parte sus publicaciones pontevedresas y de otra parte sus publicaciones compostelanas” (1997: 204).

Tamén Francisco Fernández del Riego escribiu sobre “o feitizo de Pontevedra” e “o escenario compostelán” en Filgueira Valverde. Esta última cidade foi, “fóra de Pontevedra, a cidade de gran devoción filgueirá” (Fernández 1997: 111).

Pola súa parte, Manoel Xesús Precedo, deán da catedral de Santiago de Compostela, indicou que “Filgueira sentiuse un compostelán honorario, combinando, como o fixera sempre, o seu pontevedresismo co seu fondo compostelanismo” (1997: 181). De atender ás palabras do deán, o interese pola cidade do Apóstolo partiría da paixón por Pontevedra: “Como bo pontevedrés, foi Filgueira un ilustre promotor da oración a Virxe Peregrina, símbolo mariano da Cidade do Lérez e advocación fondamente relacionada coa romería xacobeá [...] Podemos dicir que foi a Peregrina o punto de partida para que Filgueira se ocupara en moitas ocasións da peregrinación a Compostela” (1997: 183).

Volvendo á creación literaria, o estudoso da obra de ficción de Filgueira Valverde, Xosé Ramón Fandiño (2007), analizou cada unha das obras narrativas éditas en vida do polígrafo pontevedrés. É por iso que se achegou ás criaturas soñadas na prosa da Moureira e de Compostela en *Os nenos* e *O Vigairo*. Nós, seguindo o seu ronsel, partiremos das voces dos nenos en cada unha das cidades e acrecentaremos tamén as voces das criaturas lendarias de *A monxa-frade*. Referirémonos á narrativa édita, pero, reiteramos, a inédita permitiría oír outras voces, lendarias ou non (poverelo de Asís, mozos peregrinos a Compostela, fidalgos vidos a menos, soldados saudosos en Melilla etc.).

### 3.1. COMPOSTELA: VOCES DE NENOS, MESTERES OU APRENDICES E NOMEANDEIROS

A cidade compostelá está presente en *Os nenos* a través de xogos, de cantigas... e en todas as partes de *Quintana viva* (“Os nenos”, “Artistas aldeáns”, “Obradoiro”, “Os nomeandeiros”).

Con respecto á polixenealoxía, podemos establecer unha correlación entre determinados apartados do ensaio *Adral* e do libro de relatos *Quintana viva*. Así, entre a sección “Os oficios” (“Os oleiros” e “Os fogueteiros”) do primeiro *Adral* e a sección “Os nomeandeiros” (“Pucariños”) de *Quintana viva*. O propio Xosé

Filgueira Valverde aclara en *Adral* “Os oleiros” (“Os oficios”): “Leví ás páxinas da miña *Quintana viva* a estampa dun mociño que traballaba «roda do pé» nunha mostra de artesanía galega. Facía o seu labor dun xeito ritual, e, cando remataba cada peza, pousábaa, agarimosamente, no paramio, e poñíalle un nome” (1979: 221).

Tamén no *Terceiro Adral* apartados como “Dos aprendices” e “Canteiros de Compostela” recórdannos o “Obradoiro” de *Quintana viva* onde nos esperan “O fogueteiro”, “O carpinteiro” e “O canteiro”, todos eles aprendices de canteiro.

Aínda poderíamos aludir a outras obras ensaísticas centradas na cidade do Apóstolo e que non caben neste artigo (entre elas as guías monumentais de Compostela editadas en 1932 e 1950). Por razóns de espazo remitimos ao índice dos *Adral*, preparado por Xesús Ferro Ruibal, e lembramos un dato ofrecido por Carlos Valle: 42 libros e folletos, 223 artigos e 116 conferencias e comunicacións dedicadas a Compostela.

“A Compostela de Filgueira Valverde” foi analizada por Manuel Forcadela (2015) como berce de Europa e de Galicia na liña da Xeración Nós. Velaquí as palabras de Forcadela: “Filgueira, destacado membro do SEG (Seminario de Estudos Galegos) herda esta proposta, como un alumno que debe reescribir as liñas que faltan na lección dos mestres. E faino desde a excelencia na erudición e no detalle, combinando a súa fascinación por personaxes da entidade do bispo Xelmírez e o mestre Mateo” (2015: 267)<sup>6</sup>.

As seguintes afirmacións de Forcadela (2015: 268-271) sobre a narratoloxía do territorio que é Compostela tamén nos servirían para a cidade de Pontevedra:

a Compostela de Filgueira non deixa de ser tamén unha metonimia do mundo ou, sobre todo, de Galicia, e, mesmo, se quixermos ir máis alá, unha metonimia de si mesmo, un explicarse a si mesmo reflectido no espello dunha das cidades máis singulares de Occidente.

Digamos que para Filgueira, Compostela é unha ciencia, un conxunto de saberes que poden moi ben servir de ponte para un coñecemento eterno [sic], pois, lonxe de ser local, Compostela asoma como un produto global e, máis concretamente, de Europa. [...]

A cidade é, ademais, unha metáfora do corpo, na medida en que o corpo é o espazo en nós [...]

E velaí onde chega Filgueira, como un teólogo que nos fala da alma de Compostela ou, mellor dito, que nos presenta as fontes reais, os alicerces realmente existentes dese espírito que semella habitar o signo da cidade. [...]

6 Nós engadiríamos a fascinación polo camiño de Santiago.

Estariamos, por tanto, diante do que poderíamos denominar unha narratoloxía do territorio, dun territorio concreto, a cidade de Compostela [...] Unha deco-dificación da ficción Compostela que é, tamén, unha fixación do seu sentido e, tamén, unha ecdótica do seu discurso<sup>7</sup>.

### 3.2. PONTEVEDRA: VOCES DE NENOS, DO MAR E DA RELIXIOSIDADE

As voces dos nenos de Pontevedra aparecen mesturadas coas voces do mar e coa relixiosidade a través da festa do Corpus e do convento de Santa Clara. Se temos en conta os inéditos<sup>8</sup>, podería parecer que nas voces dos nenos está agochada a do propio Xosé Filgueira Valverde<sup>9</sup>.

Pontevedra descóbrese na totalidade da obra narrativa édita de Xosé Filgueira Valverde:

- *Os nenos* recrea a visión da festa do Corpus e, máis ou menos explicitamente, os Maios.
- *O vigairo* supón un pranto ao mar da Moureira; un canto a Pontevedra, a Santa María e aos seus habitantes; unha descrición da vida do vigairo, dos seus ditos, da festa do Corpus, dos cambios na cidade, da filla, do mar e da terra, dos agoiros da lavandeira e do urco, do roubo da filla e da festa do corpo santo.
- *Quintana viva* recrea o Corpus, os Maios, o afogado de Estribela, os cada-leitos de San Francisco e talvez algúns nomeandeiros.
- *A monxa-frade* recolle a historia de Sor María de San Antonio, a monxa frade que entrou no convento pontevedrés de Santa Clara.

Deterémonos nas dúas primeiras obras, *Os nenos* e *O vigairo*, pois ambas abordan o mar a través do seu gremio de mareantes e do Corpus por eles protagonizado. E nesta liña expresouse Xosé Fuentes Alende (2007) ao sinalar, ademais da presenza do arrabalde da Moureira na narrativa e na vida de Filgueira Valverde, a relevancia da festa do Corpus

7 Que comeza, como indicamos a propósito da narrativa inédita, dende mocío.

8 “O pomar”, por exemplo, é un relato moito máis autobiográfico que aquel posteriormente publicado en *Os nenos*.

9 Antón Lopo (2015: 337) relaciona con outros aspectos biográficos de Filgueira Valverde e chamou a atención para a súa

“especial querencia” polos ámbitos dos nenos e dos adolescentes: a maior parte das súas prosas creativas teñen rapaces por protagonistas, empezando polo alusivo *Os nenos* de 1925 [...] En paralelo, Filgueira foi presidente do tribunal Tutelar de Menores de Pontevedra [...] e director do instituto da cidade, onde desenvolveu un intenso labor pedagóxico e didáctico.

A autobiografía de Filgueira nos *Adral* [...] non só entraría nos detalles persoais senón que tamén nos debuxaría a Pontevedra da súa infancia [...] Ata a vellez, seguiu-se sentindo o mesmo neno que corría polas rúas da súa cidade.

Xa lle dedicara dous artigos xornalísticos cando fai relatar en 1925 a un dos seus “nenos” as súas vivencias e recordos de tan sonada celebración [...]

Desde a dirección do Museo de Pontevedra programará dúas exposicións temporais, dedicadas a aspectos relacionados coa festa do Corpus: a primeira, en 1940, sobre os recordos gremiais, e a terceira, en 1941, sobre o itinerario da procesión. Publicará diversos artigos relacionados coa festa pontevedresa por excelencia, pero será en 1975 cando vexa a luz, en extenso compendio, o traballo sobre todo canto rodeaba e formaba parte do vello Corpus en Pontevedra [...] El mesmo xustifica o interese e a oportunidade de dar a coñecer tan importante celebración, que “está ligada a los mejores recuerdos infantiles [...]” (Fuentes 2007: 412-415).

Sería o interese temperán polos mareantes de Pontevedra o que levaría a Filgueira Valverde a publicar en 1927 *O vigairo*, afirmación que podemos documentar tras a análise de materiais inéditos do arquivo Filgueira Valverde (Museo de Pontevedra). En efecto, encontramos varios manuscritos de *O vigairo* que indican que partiu de 200 notas en 7 folios. Ademais, entre eses manuscritos figuran poemas, probablemente da súa autoría, que quizais pensaba achegar.

Segundo José Manuel Castaño (2007), a partir da escrita de *O vigairo*, Xosé Filgueira Valverde iría facendo estudos sobre a familia mariñeira pontevedresa, estudos cuxo cume foi a organización da documentación do *Archivo de mareantes* (1946)<sup>10</sup>. Por tanto, a presenza do mar e de Pontevedra na obra de Filgueira data dende o ano 1924, aínda que “a grande maioría das conferencias e publicacións nas que son tratados sitúanse a partir dos anos corenta” (Castaño 2007: 356-357) e

Repetíranse cos mesmos nomes ou lixeiras variacións en diferentes publicacións e conferencias, así como na primeira e na terceira exposición temporal do Museo de Pontevedra tituladas, respectivamente, *Recuerdos gremiales de la fiesta del Corpus* e *Itinerario del Corpus en la Pontevedra Antigua*, celebradas en 1940 e 1941 (2007: 363).

Ás veces detrás de todos estes escritos apréciase un traballo de investigación destacado, con propostas de interpretación propias; outras un labor de síntese

10 Nesta obra Xosé Filgueira Valverde, “ademais de realizar un inventario de fondos conservados no museo pontevedrés, recolle os documentos gardados nos arquivos doutras institucións, referentes á Confraría do Corpo Santo.” (Castaño 2007: 359). Outros ensaios sobre Pontevedra e o mar son “Pontevedra y las riquezas del mar”, “La Moureira, arrabal marineru de Pontevedra”, “Notas históricas de la fiesta del Corpus”, “Privilegios de los Mareantes en el Corpus pontevedrés”, “El Corpus viejo en Pontevedra”, “Privilegios procesionais de los mareantes”, “La Víspera del Corpus en Pontevedra”, “A nao do Corpus”...



moi apreciable e, en todos os casos, un grande interese por dar a coñecer os feitos onde participaron os mariños pontevedreses, sempre acompañados dunha ampla bibliografía, quedando plasmado o amor que sentiu por Galicia e moi especialmente por Pontevedra (2007: 382).

O mar de Pontevedra aparece, pois, en varios xéneros cultivados por Filgueira, tanto no ensaio histórico (como xa se indicou, no *Archivo de mareantes*) como no etnográfico e antropolóxico (caso dos *Adral*) e foi salientado, neste sentido, por Xosé Fuentes e Xosé Manuel González Reboredo. Non estraña esta vinculación coa antropoloxía cultural e a etnografía se temos en conta a relación de don Xosé co SEG tras a chegada a Compostela e xa antes a través da relación coa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra.

Xosé Manuel González Reboredo, estudoso do labor histórico, etnográfico e antropolóxico de Filgueira, establece a conexión entre creación e investigación a propósito de *O Vigairo*, texto

no que se amosa como un investigador minucioso, atento ó que nos di a documentación conservada, pero tamén como un autor creativo, que constrúe unha imaxe específica e persoal do pasado pontevedrés. O seu texto non ten un carácter de mera enumeración de *res gestae*, senón que entraría máis ben dentro dunha historia interpretativa con proxección e futuro; o seu obxectivo último é crear unha conciencia moral do pasado para reafirmar unha identidade pontevedresa e galega baseada na historia. (González 1998: 27).

#### Na liña do Seminario de Estudos Galegos:

Os exemplos aducidos e as consideracións iniciais que realizamos son unha boa mostra da concepción que tiña [...] Xosé Filgueira, e tamén os seus compañeiros de xeración, do que debía se-la Historia ou a Antropoloxía. Estas disciplinas son concibidas [...] como ferramentas de utilidade para que os homes do presente recompoñan a súa conciencia identitario-moral mediante a mirada no espello do pasado [...] esta maneira de facer Historia/Antropoloxía ten unha nada desprezable carga de creatividade do autor. Malia presentarse numerosos datos documentais que achegan “obxectividade” ó discurso, o que predomina como pano de fondo é unha interpretación propia do pasado na que o investigador-autor-creador se fai presente con claridade (González 1998: 28).

Considera o citado estudoso que Filgueira Valverde “como etnógrafo” fai o que poderíamos chamar “etnografía tradicional” (1998: 21) e exemplifica cos traballos de Filgueira dedicados á festa dos Maios, a Pontevedra e ao mar. A

propósito destes últimos, para González Reboredo –que tamén analiza estudos de Filgueira como o *Archivo de Mareantes* (1946) e *El Corpus viejo de Pontevedra* (1974)– o pontevedrés “establece unha continuidade entre o pasado, que el primordialmente estudia, e o presente, nun documentado intento de amosar que a tradición non morreu totalmente en Pontevedra” (1998: 22).

En canto a aqueles elementos mitolóxicos (o Urco, as tres irmás, as lavandeiras, Teucro) que aparecen en *O vigairo* son explicados por González Reboredo (1998) como seguindo “unha moda moi acorde coa escola en que don Xosé se enmarca” de fusión do pasado arqueolóxico co presente etnográfico.

Como bo practicante do método de investigación baseado na posibilidade de distinguir diversos estratos temporais mediante a combinación de testemuños arqueolóxicos, históricos e folclóricos, pretende confirmar que na tradición local pervive, transtornada polo tempo, unha moi vella divindade pagá. Calquera que lea os escritos dos etnógrafos e historiadores do Seminario de Estudos Galegos sabe perfectamente que esta práctica era común e usual (González 1998: 24).

Réstanos referirnos á última novela curta de Xosé Filgueira Valverde, *A monxa-frade*, na que tan presente está outro elemento vinculado á cidade de Pontevedra e á biografía do noso autor<sup>11</sup>: a relixiosidade.

José Isorna (1997) estudou as pegadas da orde franciscana na obra de Filgueira Valverde e reparou en que

los temas preferidos y constantes en la pluma de Filgueira Valverde serán durante su larga vida de escritor y publicista los relacionados históricamente con la espiritualidad franciscana, tales como los “Nadales” en Galicia, los villancicos y los vinculados a la Semana Santa y Pasión, y los referidos a las peregrinaciones jacobeanas, y a los estudios de temática compostelana, sin descuidar la presencia del santoral y de eximias figuras históricas pertenecientes a la Orden Franciscana en el triple ámbito de la Primera (Franciscanos) de la Segunda (Clarisas) y de la Tercera, llamada hoy día Orden Franciscana Seglar (1997: 158).

Continúa o frade franciscano indicando que “ofrecen curiosa novidade os escritos y referencias del profesor Xosé Filgueira Valverde con relación a los monasterios de Clarisas en Galicia, particularmente, a los de Santiago,

11 Antón Lopo (2015: 339) sinalou como unha sorte para Filgueira Valverde “ter uns pais formados no sentido divino do mundo e na curiosidade humanista” e Xesús Alonso Montero (2015) chamou a atención para a fonda espiritualidade católica da familia.

Pontevedra y Monforte de Lemos” (1997: 167). Velaí que o tema, por exemplo da monxa frade, uniría as dúas cidades (Pontevedra e Compostela) na narrativa de Filgueira.

No caso de *A monxa-frade*, relato que pretendeu publicar en vida, Xosé Filgueira Valverde consegue desenvolver as notas de *Terceiro Adral* (1984: 262-266), a pesar de contar con elementos semellantes (título e fontes<sup>12</sup>) e outros diferentes.

#### 4. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Ata aquí as voces das cidades de Pontevedra e de Compostela en Xosé Filgueira Valverde. Non quixemos describir as cidades para as que o propio Filgueira elaborou guías (en 1931 a guía de Pontevedra e en 1932 e 1950 as de Santiago de Compostela), senón que preferimos escoitar as voces de Santiago de Compostela e de Pontevedra a través de nenos e nenas, de mesteres, de mareantes, de romeiros que chegan a clarisas...

A nosa intención foi desvelar inéditos e establecer relacións entre os xéneros co obxectivo final de animar os estudosos e estudosas do futuro a abordar aspectos como as voces do narradores; a posible voz autobiográfica; a comparación entre os textos éditos e inéditos, e entre as diferentes edicións; ademais de temas como a paz social.

Permítansenos uns comentarios finais sobre a paz social, pois algúns estudosos da obra literaria e ensaística de Xosé Filgueira Valverde coinciden na presentación, por exemplo, da situación dos mareantes como “case idílica e a penas sen tensións” (Castaño 2007: 367).

Para González Reboredo, Xosé Filgueira Valverde estaría enmarcado nesa tradición de “debuxar unha sociedade sen quebras importantes” e pouco “propicia para descubrir detrás destes indicios de disonancia o soporte para un ensaio sobre o conflito social” (1998: 26). Para o citado investigador, o ensaio e a narrativa de Filgueira “xoga con recursos retóricos para xerar no lector un sentimento de saudade do pasado [...] medios expresivos para xerar no noso ánimo unha empatía para un período fondamente idealizado polo investigador-creador Filgueira Valverde” (1998: 27). Este idealismo enmarcaríase dentro dunha “proposta romántica que dirixe as miradas á historia para atopar uns ideais que, se ben non se poden resucitar integramente no presente, poden servir para consolidar unha identidade galega –ou pontevedresa neste caso– baseada nese mundo ido” (González 1998: 23, 26).

12 Curiosamente, Filgueira Valverde non cita entre as súas fontes a Xoán Manuel Pintos, e que xa poetizara a lenda da monxa frade no século XIX (“Contos da aldea que parecen historias da vila”).

Con todo, o idealismo non impide que na obra de Filgueira Valverde estean presentes as desigualdades, como indicou a estudosa Isabel Mociño: “É de sinalar entre eles as desigualdades sociais, como ocorre nos primeiros textos, nos que as diferenzas de clase marcan a soidade da infancia” (2015: 95-96). Aspecto no que incide a escritora Fina Casalderrey:

Cando Filgueira dedicou o libro aos nenos de Irlanda, pensaba tamén naqueles nenos galegos máis próximos. Nenos da aldea, espelidos, mais con menos oportunidades de aprender das que el tivera, quizais por iso os imaxinou tristes [...] En todos os relatos tenta meterse na pel dun neno da aldea, ou dun neno pobre; nenos con conciencia social da súa situación, que sofren as consecuencias dunha falta que non cometeron, e ponse da súa parte. Son as miserias en que se ven abocados a vivir as que quere denunciar e as virtudes que desexa destacar, ás veces como oposición á vila [...] Outras veces como oposición á riqueza, á opulencia [...] Son nenos diferentes uns dos outros, mais cun común pouso de tristura. A maioría espallados polo rural, en espazos inventados, ou tomados de lugares afastados, ou que se corresponden con rúas e sitios de Santiago (2015: 33-37).

As explicacións desa mostra de diferentes clases sociais, pero sen relación conflitiva, son varias no entender de Fina Casalderrey e de Domingo García-Sabell. Para a primeira, a intencionalidade do autor podería ser “remover conciencias ademais de esforzarse en crear literatura. E se algo teñen de «autobiográfico» podería ser que en case todos os casos fala de nenos sen irmáns, coma el [...] e que, talvez por iso, viven os acontecementos con esa intensidade que incrementa a soidade” (2015: 38).

Para D. García-Sabell “O que se dá no relato filgueiriano é o reflexo constante de Galicia: a incomunicación. Somos seres pechados, reclusos nunha especie de clausura laica da que nos custa traballo, traballo e tempo, desprendernos. No conto do noso escritor hai unha decisiva opacidade. Dúas almas, unha colectiva e outra individual, chocan e non se interpenetran” (1997: 284).

Esperamos que a nosa contribución espertase o interese pola narrativa de Xosé Filgueira Valverde. Se Ramón Otero Pedrayo foi entendedor de Compostela no senso da verba galega e trobadoresca, Filgueira Valverde comezou a súa peregrinaxe cara á alma de Compostela e de Pontevedra, pois a través da súa obra polixenealóxica conseguiu o que quería dende mozo “Evocar...! [...] Es decir, hacer surgir ante nosotros las figuras del pasado, creer escucharlas, buscar sus ideas, sus palabras, sus hábitos, su vida en fin, su alma” (Inédito. Museo de Pontevedra).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (2015): *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Casalderrey, Fina (2015): “Un latexar pola causa galega” en Xosé Filgueira Valverde, *Os nenos. Homenaxe do Consello da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 21-50.
- Castaño, José Manuel (2007): “Pontevedra e o mar na obra de Xosé Filgueira Valverde”, en Xosé Carlos Valle Pérez (ed.), *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia*. Catálogo da exposición. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 356-383.
- Fandiño, Xosé Ramón (2007): “Contribución de Filgueira Valverde ao ámbito da creación literaria”, en Xosé Carlos Valle Pérez (ed.), *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia*. Catálogo da exposición. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 266-283.
- Fernández del Riego, Francisco (1997): “Filgueira Valverde na nosa memoria”, *El Museo de Pontevedra* LI, 101-113.
- Filgueira Valverde, Xosé F. (1979): *Adral*. Sada: Edicións do Castro.
- (1984): *Terceiro Adral*. Sada: Edicións do Castro.
- Forcadela, Manuel (2015): “A Compostela de Filgueira”, en Luís Cochón e Laura Mariño Taibo (eds.), *Filgueira Valverde homenaxe: “Quíxose con primor e feitura”*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXI. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 267-272.
- Fuentes Alende, Xosé (2007): “Filgueira Valverde e a Antropoloxía Cultural”, en Xosé Carlos Valle Pérez (ed.), *Xosé Filgueira Valverde 1906-1996. Un século de Galicia*. Catálogo da exposición. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 384-423.
- García-Sabell, Domingo (1997): “A ausencia de Filgueira Valverde”, *El Museo de Pontevedra* LI, 273-287.
- González Reboredo, Xosé Manuel (1998): “Novo achegamento á obra de don Xosé Filgueira Valverde: Pontevedra e o mar”, en Francisco Calo Lourido (coord.), *Antropoloxía mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía In Memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 15-28.
- Isorna, José (1997): “Relaciones biográficas e históricas del profesor José F. Filgueira Valverde con la orden franciscana”, *El Museo de Pontevedra* LI, 151-177.
- Lopo, Antón (2015): “O baúl de don Xosé. Os *Adral*, a nostalxia e a infancia en Filgueira Valverde”, en Luís Cochón e Laura Mariño Taibo (eds.), *Filgueira Valverde homenaxe: “Quíxose con primor e feitura”*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXI. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 335-344.

- Mociño, Isabel (2015): “Filgueira Valverde na formación do sistema literario infantil e xuvenil”, en Anxo Tarrío (ed.), *Xosé Filgueira Valverde. Día das Letras Galegas 2015*. Santiago de Compostela: Universidade, 89-113.
- Núñez Sobrino, Ángel (1997): “Filgueira Valverde: el trazado antropológico de un humanista”, *El Museo de Pontevedra* LI, 193-212.
- Precedo, Manoel Xesús (1997): “O profesor Filgueira e Compostela”, *El Museo de Pontevedra* LI, 179-192.